

Anuncio

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA O PROGRAMA AULAS SOCIOCULTURAIS 2025 - 1ºSEMESTRE - AULA DE CANTO

A Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, en sesión celebrada o día 06.03.2025, acordou a Aprobación de prezo público para o programa Aulas Socioculturais 2025 - 1ºsemestre - Aula de Canto, tal e como se indica a continuación:

- 1 Aprobar a urxencia da aprobación do asunto: prezos públicos para o Programa de Aulas Socioculturais e Ocio Educativo 2025 1º semestre -AULA DE CANTO.
- 2 Aprobar a cota por persoa participante que será de 50 euros por participante.
- 3 As condicións para a xestión recadadora do evento serán as que establece a normativa municipal sobre prezos públicos; en todo caso, o ingreso do prezo público polo usuario realizarase con carta de pago emitida pola Recadación municipal a partir dos datos emitidos polo departamento xestor unha vez pechado o período de pre-inscrición, e en todo caso sometidas ao criterio da Tesourería municipal.
- 4 Débese publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento e efectos.

Rianxo, xoves 13 de marzo de 2025.

O Alcalde, Julian Bustelo Abuin